



**11 de decembro ás 18.00 h**  
**Onde nacen as apertas?,**  
**contada e presentación**  
**de Beíña**

Beíña, Bea Pena, é mestra da Escola Infantil A Canteira e presenta e fai a contada do seu primeiro libro infantil *Onde nacen as apertas?*. Unha obra que máis que un conto é un agradecemento, unha aperta para moitos desde o seu corazón.

Dentro do noso corazón, vive un gran sabio que nos acompaña e axuda á hora de expresar as nosas emocións a través das apertas. É moi doador empregalas, pero hai que saber escutar, sentir e practicar a diario, para aprender a usalas.

**Duración:** 25 minutos

**Idades:** de 2 a 6 anos

**Lugar:** A Fábrica, Perillo

**Inscrições:** a partir do 7 de decembro



**18 de decembro ás 18.00 horas**  
**Ris Ras,**  
**de Baobab Teatro**

É un espectáculo que nos fará viaxar a través da música, xogos, enredos e historias tradicionais da man dun trasno que nace do amor entre Catarina e Lourenzo (a lúa e o sol). Nace de pór en valor a nosa lingua, nace co obxectivo claro de profundar nos ditos populares, refráns, poemas, lerías e enredos menos coñecidos para que non se esquezan.

Partimos de:

*Ris, ras  
aparta "pa" alá  
que perdo o compás*

*Ris, ras  
aparta "pa" alá  
que perdo o compás*

**Duración:** 45 minutos

**Idades:** de 1 a 6 anos

**Lugar:** A Fábrica, Perillo

**Inscrições:** a partir do 13 de decembro

*Reserva a túa praza para o espectáculo a través do formulario habilitado o día marcado desde as 10.00 horas. As prazas outorgaranse por orde de inscrición tendo preferencia os dous primeiros días as familias inscritas no Apego.*




**Concello de Oleiros**  
 Concellería de Cultura e Normalización Lingüística

**Coa colaboración da:**



**Deputación DA CORUÑA**

# Un outono cheo de apego



## Aínda non formas parte do proxecto Apego?

Apego vai dirixido a vós, ás familias con nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudarvos á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org).



**Concello de Oleiros**  
 Concellería de Cultura e Normalización Lingüística



**17 de outubro ás 12.00 h  
Concerto de Uxía Lambona  
e a banda molona**

Esta banda de música infantil recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, dende A Carolina "rapeada" ata O Jato "rockeiro", pasando por outros moitos temas tradicionais e propios, todos eles moi dinámicos, facendo que todas a as nenas e nenos presentes sexan partícipes deste "des-concerto", cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra sorpresa!

**Duración:** 1.15 h

**Idades:** recomendado para maiores de 3 anos

**Lugar:** Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

**Inscrições:** a partir do 13 de outubro



**24 de outubro ás 12.00 h  
Os tres porquiños,  
contada de Bea Campos**

Os tres porquiños é unha sesión de contos con títeres, e cancións para bebés na que se integran a expresión dramática, os títeres e a tradición oral.

Unha proposta sinxela a partir dun dos clásicos da literatura infantil perfectos para introducir os más cativos no marabilloso mundo dos contos desde os seus primeiros meses de vida. *O porquín pequeno, o porquín mediano e o porquín grande van vivir ao bosque e fan cada un unha casinha. Ao pouco tempo chega o lobo achégase a casa do porquín pequeno pero alí vive un lobo que ten moitas ganas de merendar, como non o deixan pasar ponse a soprar...*

**Duración:** 30 minutos

**Idades:** bebés e nenas/os ata 6 anos

**Lugar:** A Fábrica, Perillo

**Inscrições:** a partir do 18 de outubro



**6 de novembro ás 18.00 h  
Unha presada de castañas,  
de Caxoto**

Dende o tempo dos celtas, coa chegada do outono, os nosos antepasados apuraban o remate da tempada de colleitas e as familias preparábanse para as longas e frías noites do inverno. Pero se en Galicia hai unha tradición é que nunca se remata un choio sen celebralo por todo o alto. Nese momento as despensas estaban cheas de cereal, mel, viño, carne curada da matanza,... e por suposto castañas... xa temos os ingredientes necesarios para un bo magosto. Enriba do escenario Caxoto iranos contando de todas estas cousas mentres fai un zoncho; o colar de castañas que cando era neno lle facía a súa avoa para levar á escola.

**Duración:** 50 minutos

**Idades:** a partir de 4 anos

**Lugar:** A Fábrica, Perillo

**Inscrições:** a partir do 2 de novembro



**13 de novembro ás 18.00 h  
Comerá o bebé?!,  
de Cris de Caldas**

Contos, poemas e xogos de man e música de *Xabi o do camiño*. É unha estupenda recompilación da nosa tradición oral con música en directo, tendo como fio condutor á comida. Comerá ou non comerá o bebé?

**Duración:** 35 minutos, aproximadamente

**Idades:** de 0 a 3 anos

**Lugar:** A Fábrica, Perillo

**Inscrições:** a partir do 8 de novembro



**21 de novembro ás 12.00 horas  
Naturizo  
e o espírito do bosque,  
contada de Sabela Gago**

Naturizo é un ourizo cacho que vive, xunto cos seus amigos e amigas, na serra de San Mamede. Os animais do bosque buscan a Naturizo e convidarán a rapazada a axudarelles, pero como está hibernando, o público terá que reconstruír a primavera para espertalo e que salve a súa amiga Amelia, atragada cun tapón que confundiu con comida. Naturizo comprobará as destrezas das rapazas e dos rapaces na reciclaxe e no coidado do medio no que vivimos.

**Duración:** 30 minutos

**Idades:** de 4 a 6 anos

**Lugar:** A Fábrica, Perillo

**Inscrições:** a partir do 15 de novembro



**28 de novembro ás 12.00 h  
Dobre Extra!,  
de Paco Nogueiras**

**DOBRE EXTRA!** é un espectáculo baseado no libro-cd “Extra!” editado por Kalandraka Editora, na que se combinan cancións e interpretacións cos rexistros máis divertidos. Chega o “xornal musical” que **Paco Nogueiras** e **Marc Taeger** idearon para compartir con todas e todos vós. En **DOBRE EXTRA!** a imaxe e o son van da man. Os temas dispóñense en distintas seccións onde cada composición e cada debuxo tratan noticias nacionais e internacionais, sucesos, información social, cultural e divulgativa, deportes, opinión, pasatempos e ata unha axenda de actividades.

**Duración:** 1 hora

**Idades:** de 2 a 6 anos

**Lugar:** Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

**Inscrições:** a partir do 22 de novembro